



## MISA CON NENOS

12 de novembro 2023

ORDINARIO-32º-A

Día da Igrexa Diocesana

*Mateo 25, 1-13: "Que chega o esposo,  
Saíde ao seu encontro!"*

Mensaxe: **Enche a túa lámpada**



### 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: Reunímonos este domingo **32º do tempo ordinario** invitados por Xesús á festa da eucaristía. As lecturas deste día chámannos atoparnos con Xesús pero necesitamos acudir coa lámpada da fe acesa e que a enchamos na oración e na eucaristía dominical.

Hoxe a Igrexa celebra o **día de la Igrexa diocesana**. Todas as comunidades parroquiais formamos unha gran familia, a diocese de ..., á fronte da cal se atopa o bispo D. ... Hoxe lembramos que pertencemos a unha comunidade cristiá que fai un gran labor na sociedade, que somos membros dunha gran familia. E agradecemos o tempo, as calidades, a oración e ao apoio económico de tantas persoas.

**SAÚDO DO SACERDOTE:** *No nome do Pai... Que o Señor, que nos chama á súa festa coas lámpadas cheas, estea con todos vós.*

### 2. SÚPLICAS DE PERDÓN

*Recoñecemos os nosos pecados e pedimos perdón.*

• *Porque contigo a vida é unha festa, un banquete no que sentimos a túa presenza e o teu amor. Señor, ten piedade de nós.*

• *Porque necesitamos cargar a lámpada da nosa fe na oración e na eucaristía. Cristo, ten piedade de nós.*

• *Porque algúns viven de costas a Deus e esquécese da graza recibida no bautismo.*

**Señor, ten piedade de nós**

*Que o Deus do amor e do perdón, teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e lévenos á vida eterna.*

### 3. MONICIÓN Á PALABRA DE DEUS

Nas lecturas destes tres últimos domingos do tempo ordinario Xesús fálanos do final dos tempos e de tres actitudes importantes para movernos na vida: estar vixiantes, coidar os talentos e vivir o protocolo do amor fraterno. O evanxeo de hoxe ensínanos a velar, estar atentos e preparados para o encontro con Xesús. A primeira lectura dinos que a forma de estar atentos é ter a sabedoría de Deus, é dicir, ter na vida unha actitude prudente e sensata. S. Paulo lémbra-nos a vida que nos espera despois da morte.



## 4. ORACIÓN DOS FIEIS

*Sabemos que Deus sempre acolle a oración dos que acudimos a el con confianza. Digámoslle: -Enche as nosas lámpadas, Señor.*

- 1.- Pola Igrexa, para que nos regale a Deus que é festa, proximidade, amizade, alegría e encontro. *Oremos.*
- 2.- Para que cada domingo acudamos á nosa comunidade para conectarnos a Xesús na oración e na eucaristía. *Oremos.*
- 3.- Para que o encontro con Cristo cada domingo nos encha de luz para iluminar a nosa familia e a sociedade. *Oremos.*
- 4.- Por nós, para que ao final das nosas vidas nos atopemos coas lámpadas acesas e o corazón preparado para irnos con Xesús. *Oremos.*
- 5.- Pola nosa igrexa diocesana de....., polo noso bispo ... e por todas as actividades pastorais que realizamos. *Oremos.*
- 6.- Por toda a sociedade para que valore as actividades sociais e pastorais que a Igrexa realiza na educación, coidado dos maiores, traballo de Cáritas e compromiso no terceiro mundo. *Oremos.*

***Grazas, Señor, por tantas persoas que realizan tantos labores na nosa comunidade. Por XCNS.***

**COLECTA IGLESIA DIOCESANA:** A colecta de hoxe, destínase a apoiar á Igrexa Diocesana no seu servizo ao Evanxeo. Moitas grazas pola vosa colaboración.

## 5. PROCESIÓN DE OFRENDAS *(escollemos algunhas)*

**-MÓVIL CO SEU CARGADOR:** Co móbil estamos atentos ás chamadas e mensaxes que recibimos, pero ás veces quedamos sen batería e recibimos chamadas perdidas. Xesús, non nos queremos perder a túa chamadas nunca, queremos ser os teus amigos, vivir atentos a ti, á túa Palabra, pois es quen máis nos importa.



**-UNHA BATERÍA OU UNHAS PILAS:** Xesús, queremos vivir permanentemente conectados a ti. Axúdanos a cargar as pilas da fe, do teu amor, na oración constante en familia, cos nosos amigos, coa comunidade.

**-UNHA CANDEA ACESA:** Xesús, todos os que vimos a misa cada domingo queremos ser como pequenas ver que alumen nas nosas familias, na nosa sociedade, testemuñas da Luz que es ti.

**-PAN E VIÑO:** Cada domingo participamos na festa que nos preparas na Eucaristía. Esta celebración é un adianto da festa grande que nos tes preparado no ceo. Limpa os nosos ollos e o noso corazón para que ao comulgarche fagámosche a nosa vida e a nosa forza.